

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### ROSAL, O

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL VODAS

*Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos municipais asociados á celebración de matrimonios civís no Concello do Rosal.*

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de setembro de 2015, polo que se aprobaba inicialmente a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos municipais asociados á celebración de matrimonios civís no Concello do Rosal, e, en cumprimento do disposto na normativa vixente, procédese a publicación do texto na citada ordenanza para a súa entrada en vigor:

#### **ORDENANZA FISCAL Nº19 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NO CONCELLO DO ROSAL**

##### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

De conformidade co previsto no artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local e, de conformidade cos artigos 15, 20.4 e 57, todos eles do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa pola prestación de servizos municipais asociados a celebración de matrimonios civís no Concello do Rosal”, que se rexerá pola presente Ordenanza.

##### **Artigo 2º. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación dos expedientes como a utilización dos locais municipais con motivo das vodas civís.

##### **Artigo 3º. Suxeito pasivo**

E suxeito pasivo do tributo en calidade de contribuínte o/a beneficiario/a do servizo entendéndose por tal o/a contraente que formule a solicitude do servizo.



**Artigo 4º. Devengo**

O tributo devengarase e nace a obriga de contribuir, no momento da presentación da solicitude no rexistro do Concello. A presentación da solicitude iniciará a actuación administrativa e ésta non se realizará sen que sexa efectuado o pago correspondente.

**Artigo 6º. Contía**

A cota tributaria, que se abonará no momento da solicitude, será polo importe de 100 euros.

**Artigo 7º. Declaración e ingreso**

A presente taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

**Disposicións Adicionais**

As solicitudes presentaranse no Rexistro Municipal, como mínimo con quince días de antelación á celebración do matrimonio que deberá estar previamente autorizado polo Xulgado de Paz do Concello do Rosal.

Atenderase á orde cronolóxica das solicitudes, reservándose un mínimo de media hora entre cada cerimonia.

Unha vez se coñeza con certeza o nome das testemuñas, maiores de idade que han de intervir no acto, facilitaranse ao Concello os nomes e o Documento Nacional de Identidade.

Unicamente se admiten adornos florais, requirindo autorización previa do concello calquera outro tipo de decoración especial.

Os contraentes serán responsables de calquera dano que puidese producirse como consecuencia da cerimonia e que sexa causa directa destes ou dos asistentes.

**Disposición final**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada e anunciada a súa aprobación definitiva tal e como se regula no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

O Alcalde, Jesús Mª Fernandez Portela.

